

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 17 DE DECEMBRO DE 2019

Lugar: Sala do Consello de Goberno, Reitoría da Universidade.

Ás 09:38 horas, en segunda convocatoria e comprobada polo secretario a existencia de quórum suficiente, iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día que figura como **anexo I**.

A relación de asistentes figura como **anexo II** escusando a súa asistencia M^a Fernanda Miguélez Pose, Fernando Agrasar Quiroga, Adriana Ávila Álvarez, Sonia Zaragoza Fernández, Juan B. Pérez Valcarcel, Gabriela Oanta Oanta, Armando José Yáñez Casal e Susana Ladra González.

O **reitor** informou, en primeiro lugar, das eleccións á reitoría celebradas o pasado día 4 de decembro que refrendaron a proposta de Nova Luce encabezada por el propio, Julio Abalde Alonso. Manifestou a súa satisfacción polos resultados obtidos en todos e cada un dos sectores e agradeceu a alta participación que, tanto no PDI como no PAS alcanzou case o 80% do censo. Canto ao estudantado, salientou que a participación do 19% é moi elevada á luz da media estatal – 15% - e das rexistradas nas outras dúas universidades galegas – 12% na USC e 14% na UVigo. Os resultados, concluíu, reforzan o compromiso para seguir traballando e incrementar aínda máis esta participación.

A seguir dou conta do pleno do Consello Galego de Universidade celebrado o día 9 de decembro no que a ACSUG presentou o seu informe de cumprimento de requirimentos legais por parte da “Universidad Internacional de la Empresa” promovida por ABANCA. A xuízo da UDC e do resto das Universidades, é un informe vago e incompleto. Realizada a votación, o parecer foi apoiado por 11 a favor fronte a 8 en contra. Malia se tratar dun informe non vinculante, os tres reitores e os tres xerentes das universidades galegas votaron en contra.

O CGU informou favorablemente a desascrición do CENP da Universidade da Coruña e a recuperación do título de turismo. A respecto das informacións saídas nos medios de comunicación, o reitor esclareceu que o persoal será subrogado e que, provisoriamente, a docencia será impartida na Facultade de Filoloxía.

Nese mesmo CGU tamén foron informadas favorablemente as propostas de novas titulacións presentadas pola UDC, ficando pendentes xustificación algúns extremos do grao de Nanotecnoloxía. Acerca do Mestrado de Enxeñaría Aeronáutica, foi aprobado un título interuniversitario entre a UDC e a UVigo. Avánzase, pois, na proposta de titulacións formulada pola UDC.

A seguir, informaron os demais membros da equipa de goberno:

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



O vicerreitor de **Política Científica, Investigación e Transferencia** dou conta dos seguintes asuntos:


1.- Xornadas da UMI UDC-Navantia: O 4 e 5 deste mes de Decembro tiveron lugar unhas xornadas de difusión da Unidade Mixta de Investigación “O Asteleiro do Futuro”: UMI formada por Navantia e a Universidade da Coruña na que participaron investigadores da UDC e de Navantia, para dar a coñecer os avances deste interesante proxecto. Quería felicitar aos responsables de UDC, o profesor Pablo Fariñas e o representante de Navantia, o enxeñeiro naval Rafael Suárez polo éxito das xornadas que se desenrolaron no sala Carlos III de Exponav, e que contaron coa asistencia dun gran número de participantes tanto da UDC, como do propio asteleiro e da Armada, ademais da presenza do Conselleiro de Industria, da directora da axencia galega de innovación e do alcalde de Ferrol.

2.- Resolución convocatoria de Centros da SX. O CITIC que é o único centro coa categoría de centro singular que podía presentarse a esta convocatoria de centros da Xunta de Galicia, acadou un financiamento de 2.207.777€ para o período 2019-2022. Concretamente serían 7.777€ para o período 2019, e 7333.333E para cada unha das anualidades, 2020, 21 e 22. A resolución está prevista que se publique no DOGA logo de pasar polo consello da Xunta deste xoves.

3.- Programa de captación e retención de talento da Xunta de Galicia. Tamén está previsto a publicación no DOGA dun programa propio da Secretaría Xeral de Universidades para a captación e retención de talento nas 3 universidades galegas. Neste caso serían 5 prazas para retención e 10 para captación. A convocatoria está ligada aos centros acreditados CICA e CITIC ou os Campus de Especialización. De momento fixemos un par de reunións cos directores dos centros e os responsables de campus para buscar mostras de interese. Tamén é preciso que os posibles candidatos conten co visto bo do departamento o que se adscriban estas prazas. Por parte desta vicerreitoría, de acordo cos centros e os directores dos Campus de especialización, de cara a darlle formalidade a chamada de mostras de interese, pensamos facer unha “Call Institucional” co obxecto de definir de forma coordinada polo que se lle solicitará a cada candidato, CV, plan de traballo, etc.

4.- Hubs de Innovación Dixital. Dende a axencia galega de innovación da Xunta de Galicia veñen de resolverse a convocatoria de hubs que apoiarán dende esta administración resultando seleccionado a Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga), co proxecto GALICIAFOFHUB. Do que formamos parte as 3 universidades galegas. Tamén se nos invitou a participar noutro hub de Industria 4.0 promovido por ASIME, baixo o nome de InfabHub e que conta con varias empresas do sector naval, téxtil e aeronáutico, polo que tamén nos parece estratéxico para a UDC, o hub ten como obxectivo a innovación dixital para a transformación dos procesos de fabricación, conta tamén con empresas e universidades portuguesas sendo o única hub transfronterizo presentado.

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, informou dos asuntos seguintes:

06/11/2019. Autorizouse a prórroga do contrato dun interino de substitución P05 na área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada ata a finalización do período de avaliación e acta do primeiro cuadrimestre (07/02/2020), co fin de crear o menor prexuízo ao alumnado á vista da reincorporación a metade do cuadrimestre da profesora substituída que se atopa de baixa por IT.

08/11/2019. A ACSUG comunicou que existía un erro na relación de avaliacións positivas dos complementos ao labor docente e ao labor investigador que fora enviada o día 23/10/2019 correspondente ao ano 2018. A ACSUG remitiu a nova relación actualizada.

13/11/2019. Recibiuse a autorización da Consellería de Facenda para a publicación da OEP 2019 adicional de PDI para a consolidación de emprego temporal. Esta oferta publicouse no DOG o 25/11/2019. O Ministerio de Hacienda con data do 25/11/2019, como ven sendo habitual, requiriu un informe sobre as circunstancias na que se publicaba esa OEP, o informe foi enviado o 05/12/2019.

14/11/2019. O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades publicou unha nota informativa en relación ás certificacións I3 e na cal establece que non é de aplicación a reserva de prazas de OEP que se poden oferta a investigadores que procedan dun programa de excelencia investigadora, nacional ou internacional, cando non se completa con investigadores do programa Ramón y Cajal, a quen obtendo este certificado non proveña dun programa de excelencia investigadora, nacional ou internacional, tal e como se indica no artigo 19 da Lei de Presupostos Xerais do Estado 2018.

18/11/2019. Informouse favorablemente a concesión da prórroga da comisión de servizos a dona Marta Sobrido Prieto na Asesoría Xurídica Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do 01/01/2020 ao 31/12/2020. Este informe foi emitido tras solicitar autorización para iso, dada a urxencia da súa tramitación, ao Consello de Goberno do 30/10/2019.

19/11/2019. Publicouse na Sede Electrónica da UDC a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Contratado/a Interino/a de Substitución P06 na área de coñecemento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación do Departamento de Psicoloxía. Esta praza ven motivada pola baixa de IT posiblemente de longa duración dunha profesora da área e a falta de capacidade docente na área.

19/11/2019. Publicouse no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC a resolución definitiva do programa de captación. As persoas que participaron reúnen os requisitos que se establece na nota informativa do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades indicada anteriormente. As prazas de Contratado/a Doutor/a son convocadas nas áreas de coñecemento de Socioloxía e Química Orgánica como quedou aprobado no Consello de Goberno do 30/10/2019.

28/11/2019. Informouse favorablemente para que a vixencia do contrato dun interino

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



de substitución a tempo completo na área de Socioloxía se manteña ata a reincorporación efectiva da profesora que esta sendo substituída e se atopa en situación administrativa de servizos especiais no Senado. Tras a solicitude das vacacións e días por asuntos particulares que lle correspondían polo período en servizo activo na UDC no ano 2019, o contrato estará en vigor ata o 03/01/2020.

28/11/2019. A petición da Axencia Estatal de Investigación realizouse unha autorización xenérica para que todo o PDI poda colaborar puntualmente en tarefas de avaliación, xestión e seguimento de proxectos ou actuacións de investigación científica e técnica financiados por dita axencia.

10/12/2019. Asistencia a unha reunión da ANECA cos responsables de profesorado das Universidades para a presentación dos principais resultados do proceso de acreditación para o acceso aos corpos docentes universitarios nos últimos anos e dos principios xerais que orientarán a revisión dos criterios de acreditación por parte da ANECA.

11/12/2019. O Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación solicitou a contratación por lista de agarda da praza 19/7007 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 co fin de cubrir a ausencia dun profesor da área de Didáctica das Ciencias Sociais que foi elixido deputado no Congreso. O contrato permanecerá en vigor ata a reincorporación do deputado, en aplicación do establecido no do Procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (Aprobado no Consello de Goberno do 30 de xuño de 2006). “A duración dos contratos efectuados por este procedemento non poderá ser superior á do curso académico no que se efectúe a contratación, con excepción dos contratos que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...)”

11/12/2019. Foi publicada no BOE a convocatoria de avaliación de sexenios do ano 2019. Os criterios de avaliación foran publicados o día 28/11/2019. A convocatoria DA UDC destinada ao profesorado do INEF doutor e ao profesorado contratado permanente publicouse na Sede Electrónica da UDC o 16/12/2019.

13/12/2019. Detectouse que no tribunal da praza de Titular de Universidade aprobada en Consello de Goberno do 30/10/2019 no Departamento de Educación Física e Deportiva e que corresponde á OEP 2019 adicional de PDI para a consolidación de emprego temporal, o profesor don Antonio Montero Seoane non ten os sexenios validados dado que accedeu á categoría de Titular de Universidade este ano e non puido realizar a solicitude correspondente de validación. Compre restructurar o tribunal cos membros co resto dos membros propostos que, trala consulta co departamento (que propón a substitución do profesor Montero polo profesor da UDC Antonio Arda que fora proposto inicialmente suplente) queda do seguinte xeito:

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade informou dos seguintes asuntos:

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



Data	Total Imputacions	Total validacións	Total Contabilizacións
13-11-2019	36.648,74€	53.417,02€ (69 solicitudes)	266.248,16€ (50 solicitudes)
28-11-2019	118.962,40€	68.289,79€ (124 solicitudes)	821.110,88€ (81 solicitudes)
12-12-2019	6.811,09€	148.101,24€ (45 solicitudes)	572.142,55€ (55 solicitudes)
	162.422,13 €	269.808,05 €	1.659.501,59 €

Fondo RAM. Xa se informou que se enviou a última certificación que ascende a 172.792,26€ polo que o nivel de execución é do 100,00% o cal xa foi aprobado e será cobrado neste mes de decembro.

Axudas do programa de mellora da calidade. Enviouse a certificación do resultado das axudas para graos interuniversitarios, programas bilingües e mellora en rankings internacionais. En total ascende a 180.000€ os cales foron aprobados positivamente.

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, dou conta de:

- Publicación da listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas - 1ª Reunión (Decembro de 2019) - da convocatoria de bolsas propias de comedor para o estudantado matriculado no curso académico 2019/2020 e a listaxe definitiva de persoas adxudicatarias do Programa de bolsas prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudantes universitarios con discapacidade, curso 2019/2020

- Publicación da convocatoria de bolsas de renovación e nova adxudicación para a realización de estudos de másteres universitarios oficiais na UDC, destinadas ao alumnado matriculado en másteres no curso 2019-2020, convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para deportistas universitarios de alto nivel, curso 2019/2020

- Que o 9 de decembro celebrárase unha xornada onde a UDC presenta a orientadores de colexios e institutos de Galicia a súa renovada oferta académica.

- Que a Universidade da Coruña abriu varias aulas de estudo 24 horas nos campus da Coruña e Ferrol, atendendo a unha petición dos representantes de estudantes do Consello de Goberno así como a unha proposta subida na plataforma de participación UDCCDecide.

Deste xeito, desde o día 15 de novembro e ata o 15 de decembro estiveron abertas de forma ininterrompida a aula de traballo número 1 da planta baixa e a aula de estudo dereita no primeiro andar do Centro Universitario de Riazor (CUR); así como a aula de traballo -1.1 e a aula de estudo do primeiro andar do Edificio de Apoio ao Estudo no Campus de Ferrol.

- Celebración do concerto de Nadal do coro, tanto na Coruña como en Ferrol.

- Inicio do programa Divulgando o noso coa inauguración o mércores 18 ás 20:00 en NORMAL. Trátase de difundir ao público contidos dos nosos proxectos de investigación a través de exposicións e obradoiros.

- Que na Comisión de Extensión Universitaria autorizáronse os seguintes cursos de extensión universitaria: Introducción ao deseño Paramétrico e fabricación dixital con

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



Grasshopper de José Antonio Vázquez Rodríguez da Escola Técnica Superior de Arquitectura e "Curso de Iniciación ao Coaching (modalidade online)" de Manuel Martínez Carballo.

- A vicerreitora despediuse coas seguintes palabras:

“Quero aproveitar este último informe, para dar grazas a este consello de goberno polo traballo que me permito desenvolver este anos. Especialmente quería agradecer o traballo e cooperación, incluso na discrepancia, aos membros da Comisión de Extensión Universitaria e aos representantes de estudantes. Tamén quero agradecer o traballo e colaboración do servizo de estudantes, de cultura, deportes, publicacións, extensión universitaria, a oficina de cursos e congresos, a unidade de emprego, e en xeral a todo o persoal de reitoría que me facilitou a miña labor estes anos. E agradecer o apoio a Teresa Aldao, Marifé, Patricia, Ángeles, Dolores, Roberto, Rocío, José Rodeiro e Maite. Tamén quero agradecer o traballo de Jose Sanjurjo, Mercedes, Araceli Serantes, Cristina Naya, Paolo, Juan Fernández, Nanú, Yolanda e loxicamente de Mari Carmen. Por último, quero manifestar que vou estrañar a un grade equipo: Ramón, Pilar, Domingo, Alberto, Carlos, Salva, Nancy e Araceli. E remato, agradecendo a confianza que Julio depositou en mín estes anos”.

A vicerreitora a de Internacionalización e Cooperación deu conta dos seguintes asuntos:

Dentro do obxectivo marcado de aumentar a presenza e influencia da UDC en CRUE Internacionalización e Cooperación, nestes últimos meses desenvolvemos diferentes accións:

- O 15 de novembro tivo organizamos na UDC a II Xornada de Formación sobre Promoción Internacional del Sistema Universitario Español como parte das accións do subgrupo de traballo de Promoción Internacional de Crue Internacionalización e Cooperación. Coa presenza da Directora do SEPIE, Coral Martínez, abordáronse temas como o papel das delegacións diplomáticas na promoción internacional, as plataformas de marketing dixital e exemplos de boas prácticas de países invitados, como Francia, Alemaña e Reino Unido.

- Entre os días 27 e 29 de novembro celebrouse en Santiago o VIII Congreso de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, centrado na Axenda 2030. Este Congreso organízase bianualmente por parte da CRUE Internacionalización e Cooperación e nesta ocasión a organización recaiu nas tres universidades galegas a través da Rede Galega de Cooperación ao Desenvolvemento.

- No pasado mes de novembro asumimos a secretaría técnica do subgrupo de traballo de Política Lingüística da Crue Internacionalización e Cooperación.

- Canto aos eventos organizados polo SEPIE, tivemos participación nun Info Day en Armenia e nas xornadas de difusión das novidades do programa Erasmus. Ao ser o 2020 o derradeiro ano do actual programa Erasmus, non hai novidades significativas respecto ao anterior.

Convocatorias:

- Convocatoria de mobilidade internacional para PDI e PAS con fins de formación (STT)

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	03/02/2020 13:54:22
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



con destino Albania, Armenia, Arxelia, Camboia, Moldavia e Bosnia-Herzegovina.

- Convocatoria de mobilidade internacional para persoal docente e investigador con fins docentes (STA) con destino Albania, Armenia, México, Moldavia e Bosnia-Herzegovina.

- Realizamos reunións informativas sobre a convocatoria de mobilidade con fins de estudo para os estudantes nos campus de Elviña, Riazor, Zapateira, Oza, Bastiagueiro, Serantes e Esteiro.

- International Summer School: Pechamos o prazo de presentación de propostas. Presentáronse 81 das que aceptamos 46. Nacionalidade dos profesores: Jamaica, Polonia, Turquía, Brasil, México, Noruega, Ucraia, Georgia, Albania, Moldavia, Francia, UK, Hungría, Túnez, Italia, Colombia, Portugal, Romanía, Austria, República Checa y Eslovenia. Os estudantes o

- O día 27 de novembro as tres universidades do SUG firmamos en Santiago de Compostela unha Declaración institucional sobre co compromiso da promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030.

- A OCV colaborou ou participou directamente en distintos cursos e iniciativas:

- “Hastagtivismo. Redes sociais para o traballo en ONG”, coa Plataforma Coruñesa de Voluntariado.

- Vídeo-fórum “Sementes de futuro”, sobre as condicións de vida das mulleres hondureñas.

- Participación no seminario "Desatando outras masculinidades" nas datas 26 de novembro, 3 e 10 de decembro.

- Conversas con usuarios de Espazo Compartido sobre a igualdade.


- No día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres o grupo de sensibilización da OCV levou a cabo unha dinámica sobre micromachismos na Facultade de Socioloxía para concienciar dos asasinatos de mulleres.

- En Ferrol celebramos á semana dos dereitos humanos con varias actividades: unha palestra sobre as loitas pacíficas dos movementos sociais e ecoloxistas; unha conversa con dúas lideresas hondureñas para falar do dereito ao Auga, ou un videoforum co director e produtor Jon Kareaga, co documental “Made in, made for”.

Continuamos coa campaña en Instagram e redes sociais sobre a concienciación dos ODS e a axenda 2030.

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente dando conta dos seguintes asuntos:

- Os días 4 de novembro e 28 de novembro tiveron lugar as visitas para a renovación da acreditación dos programas de doutoramento en Química Ambiental e Fundamental, e en Computación. Trátase dos dous programas que propuxo a UDC para o programa piloto. No mes de xaneiro a ACSUG ten pensado emitir ambos informes. Non obstante, polo que se desprende do informe oral, as fortalezas destes programas son importantes, así que o resultado do informe final será favorable. Cómpre dicir, que na reunión que mantivemos o pasado día 12 de decembro na ACSUG presentaron unha

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado		Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado		03/02/2020 13:54:22	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado		31/01/2020 15:06:34	
Observacións		Páxina		7/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==				

análise do proceso piloto de acreditación de doutoramentos. Entre os aspectos destacables, que impactan na calidade dos programas están: a importancia de ter actividades obrigatorias, xornadas de seguimento, requisitos mínimos para a lectura de teses e proxectos competitivos activos. Entre os aspectos aos que se debe prestar especial atención cabe mencionar: teses industriais (no vindeiro Consello de Goberno traeremos para a súa aprobación a Normativa para o desenvolvemento da mención de doutoramento Industrial, xa está case rematada), número de teses por director (desigualdade en certos programas) e a función das CAPD, pois en moitos casos de detectou que a súa función era meramente administrativa (insistiuse en que debe cumprir todas as funcións que se lle atribúen, non só as administrativas). Nesa mesma reunión tamén se falou da acreditación de títulos para o curso 2019/2020 (prazos para incorporar a documentación, calendarios de visitas, etc.) e da previsión de seguimento, renovación e certificación do SGC para o curso 2019/2020. Toda esta información será presentada aos/ás vicedecanos/as de calidade dos centros nunha reunión á que están convocados mañá.

- Onte (16/12/2019) recibimos unha mensaxe da Secretaría Xeral de Universidades onde se nos informaba que viña de se publicar na web da consellería as instrucións do 16 de decembro de 2019 da Secretaría Xeral de Universidades para a oferta de programas de simultaneidade de graos no SUG. No esencial trátase do mesmo borrador que xa nos remitiran o pasado mes de outubro e que rexeitamos os tres vicerreitores nunha reunión mantida o día 22 de outubro na SXU. Ante a nosa postura, se nos dixo que non ían publicar esas instrucións, pero finalmente si o fixeron. Tras falar coa vicerreitora de Santiago e co vicerreitor de Vigo, quedamos en nos reunir para ver que podemos facer ante esta situación.

- Sobre a convocatoria para mestrados de excelencia, as tres universidades do SUG solicitamos perante a Secretaría Xeral de Universidades un aumento de prazo para a remisión de solicitudes, que foi concedido. Por vía telefónica avanzáronnos que publicarán unha nova orden, na que o prazo se estenderá até o 15 de febreiro. No momento en que se publique, informaremos de cales son os novos prazos internos da UDC.

- Onte (16/12/2019) tivemos unha reunión cos/coas decanos/as e directores/as de Centros que mostraron interese pola posibilidade de participar na oferta dun grao aberto. En principio, o que se está a estudar é a posibilidade de ofrecer graos abertos en:

- Enxeñaría en Ferrol (graos da EPS e da EUP)
- Enxeñaría-Arquitectura en Coruña (grados da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, e os graos en Arquitectura e en Arquitectura Técnica)
- Ciencias Sociais en Coruña (os tres graos da Facultade de Economía e Empresa, Dereito, Socioloxía, Comunicación Audiovisual e Turismo).

Tal e como figura no anuncio publicado pola consellería, as titulacións que entren nun grao aberto teñen que pertencer á mesma rama de coñecemento. Os responsables dos centros acordaron facer unha reunión para analizar a viabilidade destas propostas. En torno ao 15 de xaneiro, volveremos a ter unha reunión para ver xa as propostas que finalmente se mandan (o prazo remata o día 31 de xaneiro).

- Os días 21 e 22 de novembro celebráronse as IV Xornadas de Innovación Docente cun grande éxito de participación. Desde aquí quero trasladar o meu agradecemento a todo o profesorado e tamén ao alumnado que asistiu e participou activamente nelas.

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado		Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado		03/02/2020 13:54:22	
Observacións		Asinado		31/01/2020 15:06:34	
Url De Verificación			Páxina	8/10	
					https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==



- O día 22 de novembro tivo lugar en Betanzos a clausura da 2ª edición do Programa de Democratización do Coñecemento, esta vez centrado na sustentabilidade. Quero tamén transmitir o meu agradecemento ao profesorado que participa neste proxecto polo seu excelente labor e ao estudantado polo entusiasmo e satisfacción que sempre nos transmite.

Finalmente, o **xerente** informou dos asuntos da súa competencia:

- Procesos selectivos de acceso ás escalas de persoal funcionario da UDC polo sistema de acceso libre: o día 4 de decembro publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución de nomeamento como funcionario de carreira das persoas que superaron o proceso selectivo convocado por Resolución do 20 de agosto de 2018 (DOG do 14 de setembro) para o acceso á escala técnica de servizos (subescala auxiliar de servizos) da Universidade da Coruña, correspondentes a OEP do ano 2015.

No que se refire ás convocatorias de acceso libre das OEP's dos anos 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019, xa se informou no anterior consello de goberno do 30 de outubro das xa publicadas en DOG ata esa data. Desde entón publicáronse: o día 13 de novembro, técnico en microscopía, unha praza- A1 e técnico en proxectos europeos, unha praza-A2; o día 14 de novembro, auxiliares técnicos de biblioteca, 6 prazas-C1 e o día 18 de novembro, técnico en informática, 5 prazas-C1.

É dicir, están convocadas 89 prazas do total das 99 que suman as cinco ofertas. Das restantes prazas están enviados os temarios á Xunta de Persoal e en canto haxa conformidade, enviaranse para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.


- Promoción interna correspondente á oferta de emprego público do PAS da UDC do ano 2018: Mediante Resolución da Xerencia do 19 de novembro de 2019 publicouse a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas á convocatoria de probas selectivas para o ingreso nas distintas escalas de persoal funcionario da UDC polo sistema de promoción interna.

- Promoción interna correspondente á oferta de emprego público do PAS da UDC do ano 2019: Neste caso, están enviados os temarios á Xunta de Persoal e en canto haxa conformidade, enviaranse para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

1. Acordos

2. Foi aprobada a acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2019
3. Foron aprobados os Convenios – anexo 03
4. Foi aprobado o calendario de novas propostas e modificacións de grao e máster para a súa implantación no curso 2021/2022. – anexo 04
5. Foi aprobado o calendario de novas propostas e modificación de programas de doutoramento - anexo 05
6. Foi aprobada a proposta de premios extraordinarios de titulacións de grao 2018/2019 - anexo 06
7. Proposta de premios extraordinarios de titulacións de máster. Cursos 2016/2017; 2017/2018 e 2018/2019- anexo 07
8. Foi aprobada a proposta de premios extraordinarios de doutoramento. Convocatoria 2017-2018- anexo 08
9. Foi aprobada a proposta de Modificación da normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Naval e

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==		



Oceánica. - anexo 09

10. Foi aprobada a proposta de modificación da oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2019. - anexo 10

11. Foi aprobada a proposta de representante dos estudantes da Universidade da Coruña no "Consejo de Estudiantes Universitario del Estado" (CEUNE) Martín Rey Furelos substitúe a Miguel Paramio Santamaría.

12. Foi aprobada a proposta de convocatoria de concurso PDI contratado- anexo 11

13. Foi aprobada a proposta de autorización de cambios de dedicación PDI- anexo 12


14. Foi aprobada a proposta de renovación de profesores/as honorarios/as- anexo 13

Logo de se trataren todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 11:37.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5e184dda11cad152058b459b>

Coa pegada dixital **SHA-1: AA361958DF8842942DF200E3E2BE9B1B885AEFB7**

Código Seguro De Verificación	MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	03/02/2020 13:54:22	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/01/2020 15:06:34	
Observacións		Páxina	10/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/MNk8Pn3Tnm2PaTpGUImHBA==			